

REGULAMENTO DO XIV MEDIO MARATÓN CIDADE DE PONTEVEDRA

1. **DATA:** A Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Concello de Pontevedra organizan o domingo 29 de novembro de 2009, a “XIV Medio Maratón Cidade de Pontevedra 2009” a partir das 10,30 horas

Esta proba está incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo (F.G.A.) desenvolverase baixo as normas do presente regulamento, da F.G.A., da Real Federación Española de Atletismo (R.F.E.A.), da Federación Internacional de Asociacións de Atletismo (I.A.A.F.) e do Anexo II, do Real Decreto 1428/2003 sobre o regulamento xeral de circulación, publicado no B.O.E. do 23 de decembro de 2003.

2. **PARTICIPANTES.** Poderán participar todas as persoas maiores de idade (nados no ano 1992 ou anteriores) que o desexen, federadas ou non, que cumpran as condicións de participación e se inscriban previamente segundo o presente regulamento. Non se permitirá a participación de atletas estranxeiros, a excepción de atletas de Portugal, que non foron internacionais polo seu país nos derradeiro 5 anos, na distancia de 10.000 metros, Maratón e Medio Maratón, ou atletas doutras nacionalidades con licenza pola Federación Galega de atletismo.

3. **PERCORRIDO.** Terá unha lonxitude de 21.097 metros, homologado pola Real Federación Española de Atletismo, nun circuito urbano sobre asfalto (pechado a tódolos vehículos salvo aos de Organización) ao que se lle dará dúas voltas. E estará vixiado pola Policía Local de Pontevedra, coa colaboración da Organización e controlado tecnicamente polo Comité Galego de Xuíces e o persoal da Organización. Cada quilómetro sinalizarase visualmente e o tempo máximo para percorrer a distancia será de 2 horas e 20 minutos.

Tanto a saída como a chegada efectuarase na pista de atletismo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (C.G.T.D.) de Pontevedra (r/ Fernando Olmedo, s/nº).

4. **CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN.**

So poderán participar aquelas persoas que estiveran previamente inscritas.

As persoas participantes comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas a súa vontade.

A inscrición da carreira e persoal e intransferible. Non se admitirán devolucións, baixo ningunha causa, do importe da inscrición.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os seguintes compromiso que a continuación expónse:

- Certifico que estou en bo estado físico e teño pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Eximo de toda responsabilidade, que da miña participación no evento puidera derivarse (perdida de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias e o perigo de lesión,...), á Organización.
- Autorizo a organización para a utilización da miña imaxe en publicacións, carteis,... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito a entidade Organizadora.

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións que queden expostos no presente regulamento. En caso de dubida, ou de xurdir algunha situación non reflexada no mesmo, estarase ao que dispoña a Organización e o xuíz árbitro da proba.

REGULAMENTO DO XIV MEDIO MARATÓN CIDADE DE PONTEVEDRA

5. **DESCUALIFICACIÓNS.** O servizo médico da competición e o xuíz árbitro están facultados para retirar da carreira:

- A calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.
- A todo atleta que non realice o percorrido completo.
- A todo atleta que non teña dorsal ou non o leve visible.
- A todo atleta que dobre, ou manipule, a publicidade do dorsal.
- A todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización, ao marxen do estipulado no apartado de reclamacións.
- Todo atleta que incumpra o disposto polo presente regulamente.

6. **AS INSCRICIÓNS** faranse na páxina web www.championchipnorte.com, a partir do 15 de outubro e ata o día 23 de novembro. *Non se admitirán inscricións posteriores ás 23:00 horas do día 23 de novembro.*

O importe de inscrición xeral é de (12 €) DOCE EUROS

O importe de inscrición reducida é de (10 €) DEZ EUROS para os que teñan chip propio de Championchip.

7. **A ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS** farase nas oficinas da Sociedad Gimnástica de Pontevedra sita no Pavillón Municipal de Deportes (oficina 4) na r/ Xoán Manuel Pintos o día 28 de novembro de 10 a 13 horas. Podéndose tamén retirar o dorsal e o chip no lugar de saída da proba, de 08:30 horas a 10:00 horas.

8. **CLASIFICACIÓNS** Haberá unha soa clasificación conxunta, establecéndose as seguintes **categorías**:

MASCULINA	FEMININA
Júnior	Júnior
Promesa - Sénior	Promesa - Sénior
Veteranos de 35 a 39 anos	Veteranas de 35 a 39 anos
Veteranos de 40 a 44 anos	Veteranas de 40 a 44 anos
Veteranos de 45 a 49 anos	Veteranas de 45 a 49 anos
Veteranos de 50 a 54 anos	Veteranas de 50 a 54 anos
Veteranos de 55 a 59 anos	Veteranas de 55 a 59 anos
Veteranos de 60 a 64 anos	Veteranas de 60 en diante
Veteranos de 65 en diante	

9. **AVITUALLAMENTO** Cada 5 quilómetros disporase do líquido necesario.

10. **SERVIZOS SANITARIOS E SEGUROS MÉDICOS.** Todos as persoas participantes estarán cubertos cunha póliza de seguros de responsabilidade civil e dun seguro de accidentes segundo o disposto no art.14 do anexo II do Real Decreto 1428/2003 sobre o Regulamento Xeral de Circulación. A Organización, e os seus colaboradores, non serán responsables de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falta de forma física do atleta.

11. **CONTROL ANTIDOPAXE.** Por ser unha proba incluída no calendario da F.G.A , poderá existir o preceptivo control antidopaxe. Todo participante que sendo designado para pasar dito control, se negase ao mesmo, será automaticamente desqualificado en todas as categorías e

REGULAMENTO DO XIV MEDIO MARATÓN CIDADE DE PONTEVEDRA

premios que puideran corresponderlle. Deste modo, os atletas que pasen dito control e lles corresponda premio económico, deberán esperar ao resultado do control para recibir o premio.

12. **PERSOAS NON INSCRITAS.** Toda aquela persoa que corra sen estar inscrito, faino baixo a súa responsabilidade e non estará cuberta pola Organización. Se é advertida a súa presenza se lle instará a abandonar o circuíto.

13. **CHIP.** Estableceranse controis de cronometraxe de Chip (deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas) por todo o percorrido, có propósito de verificar que todos os atletas cobren a totalidade do mesmo. Estes controis rexistrarán tamén os tempos de paso parciais e totais, polo que é obrigatorio pasar por enriba das alfombras de cronometraxe dispostas ao longo do percorrido. Os atletas que non teñan todos os rexistros serán descualificados. Sen prexuízo doutros tipos de controis que poidan montarse.

Na zona de meta haberá recipientes para a devolución do chip. A non devolución do chip supón non entrar na clasificación final e polo tanto a perda dos dereitos a agasallos, premios e trofeos, así como unha penalización de 30 trinta euros.

14. **PREMIOS.** Recibirán Trofeo os tres primeiros clasificados absolutos masculinos e femininos e o/a primeiro/a clasificado/a de cada categoría, e os seguintes premios en metálico para a categoría absoluta:

MASCULINA ABSOLUTA	FEMININA ABSOLUTA
1º - 600 €,	1ª - 600 €
2º - 400 €,	2ª - 400 €
3º - 300 €	3ª - 300 €
4º - 200 €	4ª - 200 €
5º - 100 €	5ª - 100 €
6º - 80 €	6ª - 80 €
7º - 70 €	7ª - 70 €
8º - 60 €	8ª - 60€

Para ter opción aos premios en metálico é requisito imprescindible facer un tempo igual ou inferior a 1 hora 14 minutos en homes e 1 hora 30 minutos en mulleres. Poderase requirir o D.N.I. ou documento análogo, aos atletas premiados. Requisito que haberá que cumprir para ter dereito aos mesmos.

15. **PROTOCOLO DE PREMIACIÓN.** A cerimonia de entrega de premios efectuarase a partir das 13.00 horas na zona de meta (C.G.T.D. Pontevedra). Os atletas con dereito aos premios deberán estar presentes na mesma, non podendo delegar noutra persoa. Se non estivesen presentes, entenderase que renuncian ao premio.

16. **OUTROS.** Na liña de meta, os participantes terán un servizo de duchas, unha bolsa de produtos alimenticios, bebidas e camiseta conmemorativa da competición.

PERCORRIDO XIV MEDIO MARATÓN CIDADE DE PONTEVEDRA

Pontevedra, 29 de novembro de 2009. 10:30 horas

Saída – Rúa Xosé Malvar Figueroa, *Comeza a primeira volta ao circuito* - Avenida Bos Aires dirección Monte Porreiro, volta a altura da praia fluvial, Avenida Bos Aires, Ponte dos Tirantes, rúa Alexandre Bóveda, rúa Celso Emilio Ferreiro, Campus A Xunqueira (rodear a Facultade de Forestais – deixándoa a esquerda, continuando pola rúa que vai entre o campo de herba sintética e a Facultade de Forestais, ata o final da Escola Universitaria de Fisioterapia para voltar e xirar a dereita deixando a Facultade de Forestais a esquerda), rúa Celso Emilio Ferreiro, Avenida de Compostela, Paseo do Enxeñeiro Rafael Areses, Ponte dos Tirantes, Avenida Bos Aires, Avenida de Uruguay, Travesía Galera, rúa Arzobispo Malvar, rúa Condesa Pardo Bazán, Praza Concepción Arenal, rúa Xeneral Martitegui, rúa Doctor Enrique Marescot, rúa da Alameda, Avenida Raiña Vitoria Uxía, Avenida Augusto García Sánchez, rúa Xeneral Rubín, Paseo de Valle Inclán, rúa Iglesias Vilarelle (despois de pasar o cruce da rúa Iglesias Vilarelle coa rúa Taboada Nieto), rúa Alcalde Hevia, rúa San Pedro Alcántara, Avenida de Vigo, rúa Peregrina, rúa Andrés Mellado, Praza de Galicia, rúa Andres Muruais, rúa Peregrina, Praza da Peregrina, Paseo Antonio Odriozola, Praza da Ferrería, rúa dos Soportais, Praza de Curros Enríquez, rúa Real, Praza Celso García De La Riega, Praza Valentín García Escudero, Avenida Uruguay, Avenida de Bos Aires ata a altura da Ponte dos Tirantes *onde comeza a segunda volta*, ao finalizala e ao chegar a rotonda da Ponte dos Tirantes – rúa Padre Gaité, rúa Padre Fernando Olmedo, CGTD – **Meta**.

Nota: Na saída en vez de xirar a dereita directamente para deixar a rúa Xosé Malvar Figueroa e entrar na Avenida Bos Aires, farase dando unha volta a rotonda deixándoa a dereita.